

## **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLAS PERSOAS ASPIRANTES QUE FIGUREN NA RELACIÓN DE APROBADOS DUN PROCESO SELECTIVO**

Esta documentación deberase presentar de forma presencial nun rexistro levando os orixinais.

**A) Copia auténtica do(s) título(s) esixido(s) na base I.2 e no anexo III**

No caso de estar acreditada en FIDES en estado "Validada" non é necesario volver a preséntala.

**B) Informe sobre o estado de saúde**

Debe levar o número de colexiado do facultativo e estar asinado manualmente (non é necesario que sexa emitido en modelo de certificado oficial)

**C) Declaración responsable. A declaración ten que levar o seguinte texto:**

(Nome e apelidos aspirante). ....., con domicilio en....., con NIF/NIE/pasaporte....., declara, para os efectos de ser nomeada/o **persoal funcionario de carreira/persoal laboral fixo** no corpo-escala/categoría .....

....., subgrupo/grupo ....., que non foi despedida/o nin separada/o mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou órgano constitucional ou estatutario das comunidades autónomas, nin se atopa en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao dito corpo. escala ou categoría. .... de ..... de 202....

Sinatura

**D) Título coñecemento da lingua galega**

Para o Subgrupo A1, A2, C1 e grupo I, II e III: Celga 4

Para o Subgrupo C2 e grupo IV: Celga 3

Para Agrupación Profesional e grupo V: Celga 2

No caso de estar acreditado en FIDES en estado "Validado", o título requirido ou un título superior non é necesario volver a presentalo.

**E) Certificado de discapacidade (só para as persoas aspirantes que accedan por esta quenda)**

**F) Outra documentación (só para os procesos selectivos que se relacionan)**

- **Carné de conducir (tipo C+E)**

- C1 Escala técnica de conducción

- **Certificado de delitos de natureza sexual**

- A1 Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueros (TODAS AS ESPECIALIDADES)
- A1 Escala de facultativos. Especialidade psicoloxía
- C2 Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade arquivos e bibiotecas